

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

*ORDE do 12 de abril de 2017 pola que se revisa a relación de actividades artesás recollidas no anexo IV do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía.*

De acordo co disposto no artigo 30 do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía (DOG núm. 185, do 24 de setembro), recoñécense oficialmente como actividades artesás os traballos e actividades que figuran no anexo IV do referido decreto, para os efectos da súa inclusión na sección de actividades artesás do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

O artigo 31 do mesmo texto legal sinala que a relación de actividades artesás poderá ser obxecto de revisión periódica pola Comisión Galega de Artesanía, de oficio ou por instancia de parte interesada. A revisión levarase a cabo mediante orde da consellería competente en materia de artesanía por proposta do citado órgano colexiado.

Logo da solicitude por instancia de parte interesada da inclusión na sección de actividades artesás do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia da actividade de sombreiraría, o Pleno da Comisión Galega de Artesanía, na súa reunión do 15 de marzo de 2016, acordou que esta actividade tiña particularidades propias que a diferenciaban notablemente dos oficios artesanais recollidos no anexo IV do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, e propuxo, por unanimidade dos seus membros, a inclusión da devandita actividade na sección de actividades artesás do referido Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

Segundo o anterior e de acordo co disposto no artigo 31 do Decreto 218/2001, do 7 de setembro,

DISPOÑO:

Primeiro. A inclusión da actividade de sombreiraría na relación de actividades artesás recollida no anexo IV do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, conforme o disposto no anexo I desta orde.

Segundo. Actualizar o devandito anexo IV do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, conforme o disposto no anexo I desta orde.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2017

Francisco Conde López  
Conseilleiro de Economía, Emprego e Industria



**ANEXO I**

Relación de actividades artesanais agrupadas segundo a Clasificación nacional de actividades económicas (Clasificación segundo o Real decreto 475/2007, do 13 de abril, polo que se aproba a Clasificación nacional de actividades económicas 2009 (CNAE-2009), e o disposto no artigo 4 da Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia).

**División 13. Industria textil.**

Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
1	Tecidos, tecedor(a) (alto e baixo lizo, alfombras, tapices...)	13.1/2/3/9	13.1/2/3/9	Si	Si	Si	
2	Centón (retallos)	13 2/3	13 2/3	Si	Si	Si	
3	Decoración de teas, decorador(a) de teas	13.3	13.3		Si	Si	
4	Encaixes, encaixeiro(a), palilleiro (a), picador(a) de cartóns	13.1/2/3/9	13.1/2/3/9	Si	Si	Si	
5	Calceta, calceteiro(a), gancho, gancheiro (a)	13.9	13.9		Si	Si	
6	Bordados, bordador(a)	13.9	13.9	Si	Si	Si	
7	Produtor(a) e reparador(a) de redes, redeiro(a)	13.9	13.9	Si			Si

**División 14. Confección de roupa de vestir.**

Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
8	Xastre(a)	14.1	14.1	Si			
9	Modisto(a)	14.1	14.1	Si			
10	Traxes tradicionais populares, produtor(a) de...	14.1	14.1	Si	Si		
11	Peletaría, peleteiro(a)	14.2	14.2	Si			
12	Sobreiraría	14.1	14.1		Si	Si	Si

**División 15. Industria do coiro e do calzado.**

Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
13	Curtidos, curtidor(a)	15.1	15.1	Si			Si
14	Albardaría e talabartaría, albardeiro(a), ou talabarteiro(a)	15.1	15.1	Si		Si	



Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
15	Repuxado e decorado de coiro, repuxador(a) e...	15.1	15.1		Si	Si	
16	Marroquinaría, marroquineiro(a)	15.1	15.1			Si	
17	Zoqueiro(a), produtor(a) de zocos e zocas	15.2	15.2	Si	Si	Si	Si
18	Zapataría, zapateiro(a)	15.2	15.2			Si	Si

División 16. Industria da madeira e da cortiza, agás mobles, cestaría e espartaría.

Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
19	Tornaría, torneiro(a) de madeira	16.1	16.1	Si	Si	Si	
20	Carpintaría, carpinteiro(a)	16.2	16.2	Si		Si	Si
21	Tonelaría, toneleiro(a), selleiro(a)	16.2	16.2	Si		Si	
22	Talla, tallista	16.2	16.2	Si	Si	Si	
23	Marquetaría, marqueteiro(a)	16.2	16.2		Si		Si
24	Imaxinaría, imaxineiro(a)	16.2	16.2	Si	Si	Si	Si
25	Cestaría, cesteiro(a)	16.2	16.2		Si		Si
26	Labores de palla, produtor(a) de labores de palla	16.2	16.2		Si		Si

División 17. Industria do papel.

Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
27	Papel, produtor(a) de papel	17.1	17.1	Si			
28	Manipulados de papel e cartón, manipulador(a) de papel e cartón (producción de obxectos con estes materiais)	17.2	17.2	Si	Si	Si	

División 18. Artes gráficas e servizos relacionados con elas.

Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
29	Encadernación, encadernador(a)	18.1	18.1		Si		Si
30	Serigrafía, serígrafo(a)	18.1	18.1				Si
31	Gravados, gravador(a) (reprodutor/a)	18.1	18.1		Si		Si



**División 20. Industria química.**

Nº de orde	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
32	Pirotecnia, pirotécnico(a)	20.5	20.5	Si	Si		Si

**División 23. Fabricación doutros produtos minerais non metálicos.**

Nº de orde	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
33	Vidreiro(a)	23.1	23.1	Si	Si		
34	Vitralista (vidreiras)	23.1	23.1		Si	Si	
35	Tallista de vidro	23.1	23.1		Si	Si	
36	Cerámica, ceramista (decorador(a), muralista, esmaltista modelador(a), etc.)	23.3/4	23.3/4		Si	Si	
37	Olaría, oleiro(a)	23.4	23.4	Si		Si	
38	Cantaría, canteiro(a)	23.7	23.7	Si	Si	Si	Si
39	Talla de pedra ou mármore, tallista de pedra ou mármore	23.7	23.7		Si	Si	Si

**División 24. Metalurxia.**

Nº de orde	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
40	Fundición, fundidor(a)	24.5	24.5	Si		Si	Si
41	Fundición de campás, campaneiro(a)	24.5	24.5	Si		Si	Si

**División 25. Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamentos.**

Nº de orde	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
42	Forxa e ferraría, ferreiro(a)	25.5	25.5	Si	Si	Si	Si
43	Latoaría, latoeiro(a)	25.5	25.5	Si		Si	Si
44	Esmaltes, esmaltistas	25.6	25.6		Si	Si	
45	Metalistaría, metalisteiro(a) (traballois de diverso tipo en metais-latón, cobre, estaño, titánio, alpaca, gravados decorativos, cicelados, repuxados, etc.)	25.6	25.6		Si	Si	Si



Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
46	Cerrallaría decorativa ou artística, cerralleiro(a) decorativo(a) ou artístico(a)	25.7	25.7		Si	Si	Si
47	Caldeiraría, caldeireiro(a)	25.9	25.9	Si		Si	Si

División 26. Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos.

Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
48	Construcción e reparación de reloxos, reloxeiro(a)	26.5	26.5	Si			Si

División 30. Fabricación doutro material de transporte.

Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
49	Carpintaría de ribeira, carpinteiro(a) de ribeira	30.1	30.1	Si		Si	Si

División 31. Fabricación de mobles.

Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
50	Tapizaría, tapiceiro(a)	31.0	31.0				Si
51	Ebanistaría, ebanista	31.0	31.0		Si	Si	Si
52	Dourado, dourador(a)	31.0	31.0		Si		Si

División 32. Outras industrias manufactureiras.

Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
53	Prataría, prateiro(a)	32.1	32.1	Si	Si	Si	Si
54	Xoiaría, xoieiro(a)	32.1	32.1	Si	Si	Si	Si
55	Ourivaría, ourive	32.1	32.1	Si	Si	Si	Si
56	Talla de pedras preciosas ou semipreciosas, lapidario(a)	32.1	32.1				Si
57	Talla de acibeche, acibecheiro(a)	32.1	32.1	Si	Si	Si	Si
58	Talla de coral, marfil, nácar, carei, ónix, etc., tallista de...	32.1	32.1		Si	Si	Si



Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
59	Bixutería	32.1	32.1	Si	Si	Si	Si
60	Produtor(a) de instrumentos musicais de corda ou luthier	32.2	32.2		Si	Si	
61	Produtor(a) de instrumentos musicais de vento	32.2	32.2		Si	Si	
62	Produtor(a) de instrumentos musicais de percusión	32.2	32.2		Si	Si	
63	Produtor(a) de instrumentos tradicionais populares galegos	32.2	32.2	Si	Si	Si	
64	Afinación de instrumentos musicais, afinador(a)	32.2	32.2				Si
65	Palletas, palleteiro(a)	32.2	32.2	Si			Si
66	Produtor(a) de artigos deportivos	32.3	32.3			Si	Si
67	Xoguetes, xogueteiro(a), bonecos, bonequeiro(a)	32.4	32.4				Si
68	Modelos ou maquetas, modelista ou maquetistas	32.4	32.4			Si	Si
69	Miniaturas, miniaturista	32.4	32.4				Si
70	Taxidermia, taxidermista	32.9	32.9				Si
71	Paraugas e bastóns, paragueiro(a) ou bastoeiro(a)	32.9	32.9			Si	Si
72	Produtor(a) de perrucas ou postizos	32.9	32.9			Si	
73	Ceraría, cereiro(a) (candeas e exvotos)	32.9	32.9	Si		Si	
74	Figuras de pan tradicionais populares, produtor(a)	32.9	32.9	Si		Si	

**División 43. Actividades de construcción especializada.**

Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
75	Mosaicos, produtor(a) de mosaicos	43.3	43.3		Si		Si
76	Pinturas e revestimentos decorativos, pintor(a)-decorador(a), estucador, etcétera	43.3	43.3		Si		Si

**División 47. Comercio polo miúdo agás de vehículos de motor e motocicletas.**

Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
77	Arranxos florais con flores naturais ou secas, fabricación de flores de papel ou tea, etc.	47.7	47.7				Si



**División 74. Outras actividades profesionais, científicas e técnicas.**

Nº de orde	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
78	Fotografía, fotógrafo(a) (proceso non automatizado)	74.2	74.2				Si
79	Escaparatismo, escaparatistas	74.1	74.1				Si
80	Rotulación	74.1	74.1				Si
81	Complementos de moda	74.9	74.9		Si	Si	Si

**División 90. Actividades de creación, artísticas e espectáculos.**

Nº de orde	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
82	Escultura, escultor(a)	90.0	90.0		Si		
83	Debuxo, debuxante	90.0	90.0		Si		Si
84	Restauración, restaurador(a) (madeira, mobiliario, papel, pintura, arqueoloxía, coiro, pedra, etc.)	90.0	90.0		Si		Si
85	Escenografía e cartelismo, escenógrafo(a) ou cartelista	90.0	90.0		Si		Si
86	Pirogravado, pirogravador(a)	90.0	90.0		Si		Si
87	Cartón pedra, produtor(a) de obxectos de cartón pedra e similares	90.0	90.0		Si	Si	

**División 96. Outros servizos persoais.**

Nº de orde	Denominación	Código CNAE-09	Código NACE-Rev-2	A	B	C	D
88	Afiado, afiador(a)	96.0	96.0	Si			Si

